



*Orde do 31 de xullo de 2019 pola que se resolve o concurso público de méritos para cubrir postos de dirección dos centros de formación e recursos e de asesorías do Servizo de Formación do Profesorado, Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos.*

Mediante a Orde do 10 de xuño de 2019 (publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia* do 18 de xuño) convocouse o concurso público de méritos para cubrir postos de dirección dos centros de formación e recursos e de asesorías do Servizo de Formación do Profesorado, Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos. A Orde de convocatoria, publicouse no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal).

Realizada a valoración pola comisión de selección, en aplicación do disposto no artigo 7 da Orde de convocatoria publicouse no portal de internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal) a relación definitiva da baremación efectuada. Logo de consideradas as reclamacións ou renuncias presentadas, e con base no disposto no artigo 9 da citada convocatoria,

#### ACORDO:

Primeiro. Aprobar a relación final das persoas seleccionadas, ordenadas por puntuación, que figura como anexo.

Segundo. Ordenar a publicación desta orde no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal).

Terceiro. De conformidade co disposto no artigo 9.3 da citada orde, as persoas que resulten seleccionadas por esta convocatoria serán nomeadas en réxime de comisión de servizos, e con reserva do posto de traballo de orixe, por períodos anuais, renovables ata un máximo de seis anos, e ao final de cada período anual establecerase un proceso de avaliación sobre o exercicio das súas funcións que determinará a súa continuidade ou non. As persoas seleccionadas deberán incorporarse ás prazas obtidas con data do 1 de setembro do ano 2019.

Cuarto. Contra esta orde, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet <http://www.edu.xunta.gal>, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2019

A Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

  
Carmen Pomar Tojo



ANEXO

Centro	Denominación da praza	Apellido 1	Apellido 2	Nome	Total
CFR A Coruña	Dirección CFR	Veiga	Río	Emilio Joaquín	19.50
CAFI	Formación e Innovación (Internacionalización)	Villarmea	Álvarez	Cristina	16.36
		González	Carnero	Saleta	12.99
CAFI	Linguas	Eizaguirre	Santillán	Alicia	13.61
CAFI	Organización escolar e diversidade	Andrade	Expósito	Rosa María	15.21
		Blanco	Carpente	Daniel	12.88
CAFI	Tecnoloxías da Información e da Comunicación	Rodríguez	García	Tania	16.45
		Rodríguez	Fernández	M <sup>a</sup> del Pilar	15.15
		De Castro	Miguel	Fernando	14.19
		Sánchez	Outón	Trinidad	12.30
		Penas	Amor	David	11.98
CFR Ferrol	Tecnoloxías da Información e da Comunicación	Fernández	Bravo	Carolina	12.96
CFR Lugo	Tecnoloxías da Información e da Comunicación	Díaz	Martínez	Diego	13.30
CFR Lugo (Burela)	Científica e tecnolóxica	Bermúdez	García	Miriam	11.44
CFR Ourense	Infantil e primaria	Pato	Blanco	Rosa M <sup>a</sup>	14.79
CFR Ourense	Organización escolar e diversidade	Muñoz	González	Rebeca	13.57
CFR Vigo	Científica e tecnolóxica	Puga	Barreiros	Cristina	16.12
		Nieto	González	Ángeles	15.47
CFR Vigo	Tecnoloxías da Información e da Comunicación	Núñez	Campos	Manuel Ángel	12.87

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2019

A Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

  
Carmen Pomar Tojo